

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*RESOLUCIÓN do 31 de outubro de 2012, da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se procede á publicación das subvencións concedidas ao abeiro da Resolución do 3 de xullo de 2012, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas económicas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres, cofinanciadas polo FSE, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012.*

De conformidade co disposto no artigo 15.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 23.2 da Resolución do 3 de xullo de 2012, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas económicas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres, cofinanciadas polo FSE, procédese á publicación das subvencións concedidas ao abeiro da citada resolución.

A finalidade destas axudas é fortalecer e consolidar o movemento asociativo de mulleres, por ser un elemento indispensable na promoción da igualdade de oportunidades, a través das seguintes liñas:

a) Liña 1: consolidación do movemento asociativo, destinada a compensar gastos correntes que orixine o mantemento e funcionamento das asociacións de mulleres e as súas federacións.

b) Liña 2: promoción de hábitos de vida saudable, destinada a compensar gastos correntes e/ou de persoal producidos polo desenvolvemento de actividades destinadas a esta finalidade.

c) Liña 3: promoción de accións de prevención da violencia de xénero así como de atención (protección, asistencia e/ou acompañamento) a mulleres que a sofren, destinadas a compensar gastos correntes e/ou de persoal producidos polo desenvolvemento de programas dirixidos a calquera destas finalidades.

Crédito orzamentario: 29.591,84 euros.



Partida orzamentaria: 04.40.313B.480.0.

Procedemento: SI437A.

Entidades beneficiarias da subvención e importe concedido a cada unha delas: ver anexo.

Lugo, 31 de outubro de 2012

José Manuel Rozas Bello  
Xefe territorial de Lugo

ANEXO  
**Subvencións concedidas**

Liña 1.

CIF	Entidade	Importes
G27212281	Asociación de Mulleres Rurais Amuraxe	1.820,00 €
G27255108	Asociación Sociocultural para a Formación e Emprego (Asfen)	3.000,00 €
G27013697	Asociación de Viúvas Julia Minguillón	1.957,42 €
G27337120	Asociación de Mulleres Rurais Leticia	2.370,00 €
G27283647	Asociación de Mulleres Lar Sta. Ana	489,64 €
G27130103	Asociación de Viúvas Carmiña Prieto Rouco	2.155,44 €
G32282584	Asociación de Familias e Mulleres do Medio Rural (Afammer)	1.496,92 €

Liña 2.

CIF	Entidade	Importes
G27309517	Asociación de Mulleres Rurais As Espalladoras	3.000,00 €
G27262369	Asociación Antulla	1.500,00 €
G27239516	Asociación de Mulleres Rurais Tres Castros	2.128,28 €
G27357623	Asociación de Mulleres Rurais Amencer	2.575,80 €
G27276583	Asociación de Amas de Casa, Consum. e Usuarios Alborada	1.778,39 €
G27178078	Asociación de Mulleres Rurais Counavia	114,47 €

Liña 3.

CIF	Entidade	Importes
G27405786	Asociación de Mulleres Entretejidas	2.000,00 €
G27431873	Asociación e-Deidades para a Integración Laboral e Social da Muller	3.000,00 €
G27166362	Asociación de Mulleres As Angueiras	205,48 €

